

## DOMINGO IV DE ADVENTO (A)

### **PRIMEIRA LECTURA** Is 7, 10-14

Lectura do libro do profeta Isaías

Naqueles días, o Señor volveulle falar a Acáz nestes termos: "Pide para ti un sinal de parte do Señor, o teu Deus, nas profundidades do Xeol ou arriba nas alturas". Respondeu Acáz: "Non o pido, pois non quero poñer a proba o Señor".

Entón dixo Isaías: "Escoitade vós, casa de David: ¿Évos pouco domina-los homes, que aínda queredes domina-lo meu Deus? Por isto, o meu Señor daravos El mesmo un sinal: Velaí que a virxe está en cinta e dá a luz un fillo, ó que lle pon de nome Emmanuel (que significa "Deus connosco").

### **SALMO RESPONSORIAL** Sal 23, 1-2. 3-4ab. 5-6

R/. (7c e 10b): **Entrará o Señor: El é o rei da gloria.**

Do Señor é a terra e canto a enche,  
o orbe e canto nel habita.  
El é quen a fundou sobre os mares,  
e quen a asegurou sobre as correntes.

¿Quen poderá subir ó monte do Señor?  
¿Quen poderá quedar no seu santuario?  
O que ten inocentes as mans e puro o corazón.

Ese recibirá bendición do Señor,  
e xustiza de Deus, o seu salvador.  
Así é a liñaxe dos que o buscan,  
dos que buscan a presenza do Deus de Xacob.

## **SEGUNDA LECTURA Rm 1, 1-7**

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós Romanos

Paulo, escravo de Cristo Xesús, chamado a ser apóstolo, escollido para o Evanxeo de Deus, que El prometera antes por medio dos seus profetas nas Escrituras Santas, e que trata do seu Fillo Xesús Cristo o noso Señor, que como home naceu da semente de David, pero que polo Espírito santificador foi constituído Fillo de Deus con pleno poder ó ser resucitado dos mortos, por quen recibímo-lo don de ser apóstolos, para promovermos entre tódolos pobos xentís a obediencia da fe, en honor do seu nome, entre os que tamén estades vós, chamados por Xesús Cristo.

A tódolos predilectos de Deus, que estades en Roma, chamados a ser santos, deséxovos gracia e paz de parte de Deus, noso Pai, e do Señor Xesús Cristo.

## **EVANXEO Mt 1, 18-24**

Lectura do Santo Evanxeo segundo Mateo

O nacemento de Xesús Cristo foi así: María, a súa nai, estaba prometida a Xosé; e antes de viviren xuntos apareceu ela embarazada por obra do Espírito Santo.

Xosé, o seu prometido, home xusto, non a querendo aldraxar, decidiu repudiala secretamente. Tal era a súa resolución, cando o anxo do Señor se lle apareceu en soños, dicíndolle: - Xosé, fillo de David, non repares en levar contigo a María, a túa prometida; que o que nela se concibiu é obra do Espírito Santo. Dará a luz un fillo, e ti poñeraslle de nome Xesús, porque salvará o seu pobo de tódolos seus pecados.

Todo isto aconteceu para que se cumprise o que dixera o Señor por boca do profeta: Mirade: a virxe concibirá e dará a luz un fillo, e poñeranlle de nome Emmanuel (que quere dicir "Deus connosco"). Acordou Xosé do seu soño, e fixo tal como lle mandara o anxo do Señor, levando consigo á súa prometida.